

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

CONTRATACIÓNS TELEMÁTICA



O novo sistema telemático poderá implantarse progresivamente durante un prazo máximo de **dous anos**.

**NO NOVO SISTEMA TELEMÁTICO:
NON HABERÁ PENALIZACIÓN POR NON SELECCIONAR OFERTAS**

COMO FUNCIONARÁ?



As ofertas de longa duración e bloques de vacacións realizaranse prioritariamente por vía telemática a través de Fides/expedient-e.



O resto dos vínculos temporais incorporaranse progresivamente ao sistema telemático no momento que determine e coordine a Dirección Xeral de Recursos Humanos, previo informe da Comisión Central de Seguimento do Pacto.



Cada aspirante poderá visualizar e seleccionar por orde de preferencia os nomeamentos dispoñibles nas listas nas que estea inscrito/a.



Poderán participar as persoas dispoñibles e admitidas nas listas e tamén persoas aínda non admitidas na lista vixente, sempre que teñan a inscrición validada ou confirmada e a titulación validada.



O acceso realizarase mediante Chave365, certificado dixital, DNI electrónico ou Camerfirma.

ALERTAS E AVISOS



Como regra xeral, as 50 primeiras persoas dispoñibles recibirán aviso por SMS e/ou correo electrónico informando da existencia de ofertas.



Recibir ou non recibir aviso NON limita a posibilidade de participar no proceso telemático.



Ás 8:00 horas enviarase un segundo aviso se existen ofertas sen seleccionar.

PRAZOS E HORARIOS

- As ofertas estarán visibles en Fides de luns a venres.
- Os nomeamentos de longa duración e vacacións estarán visibles un mínimo de 5 días hábiles.
- Os nomeamentos de curta duración estarán visibles dende as 17:00 horas do día anterior ata as 09:00 horas.
- A adxudicación automática realizarase entre as 9:01 e as 10:00 horas.
- Poderán seleccionarse ofertas ata as 9:00 horas do día da adxudicación.
- Se se modifican varias veces as preferencias, contará a última selección realizada.

INFORMACIÓN DAS OFERTAS

- Categoría/especialidade
- Tipo de documento
- Data de inicio e fin
- Data de adxudicación
- Quenda
- Centro, unidade e servizo

SE RESULTAS ADXUDICATARIO/A

- ✓ Recibirás confirmación por SMS e/ou correo electrónico coa información do nomeamento.
- ! Non incorporarse ou renunciar sen causa xustificada poderá supoñer penalización.

CANDO SE FARÁN OS CHAMAMENTOS TELEFÓNICOS?

Se quedan ofertas sen cubrir.

Se hai problemas técnicos

En nomeamentos de carácter técnico

Nos nomeamentos de curta duración (pool)

Nas prazas de discapacidade intelectual